



RESOLUCIÓN REITORAL DO 26 DE OUTUBRO DE 2023 POLA QUE SE CONVOCAN ELECCIÓNS Á REITORÍA DA UDC

De conformidade co que establece a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, os Estatutos da Universidade da Coruña e o vixente Regulamento electoral xeral (REX), aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 28 de setembro de 2016 e tras o informe do Consello de Goberno do día 24 de outubro de 2023, esta Reitoría resolve convocar eleccións a reitor/a, segundo as seguintes bases:

A) REQUISITOS E FORMALIDADES PARA PRESENTAR CANDIDATURAS

I) A Universidade da Coruña será a única circunscrición para cada un dos sectores.

II) Son elixibles, e poderán presentar a súa candidatura á Reitoría, as persoas electoras:

- Que figuren no censo definitivo e sexan persoal docente e investigador permanente doutor a tempo completo e reúnan os méritos de investigación, docencia e experiencia de xestión universitaria establecidos nos Estatutos e na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario. De acordo co que dispón o artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Comisión Electoral Central comprobará de oficio que as persoas candidatas cumpren as condicións esixidas legal e estatutariamente.
- Que non desempeñaran o cargo de reitor durante dous mandatos consecutivos.
- Que sexan proclamadas candidatas pola Comisión Electoral Central de forma definitiva.

III) Presentación de candidaturas

a) Forma: as candidaturas presentaranse en solicitude de proclamación, mediante un escrito dirixido á Presidencia da Comisión Electoral Central, cuxo formulario en PDF se poderá descargar do taboleiro electoral electrónico.

O escrito deberá ir asinado dixitalmente pola persoa candidata e conterá polo menos os seguintes extremos:

- o nome e os apelidos
- o enderezo electrónico para os efectos de notificacións
- o número do documento oficial de identidade (DOI)

b) Prazo: do 10 de novembro (venres) ao 15 de novembro de 2023 (mércores) até as 14 horas.

Código Seguro De Verificación	yuZ7AC+17c4ATHcT0slAw==		
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	1/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/yuZ7AC+17c4ATHcT0slAw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





c) Lugar de presentación: no Rexistro electrónico da Universidade da Coruña, nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade (Edificio da Reitoría, A Maestranza), nos rexistros auxiliares (Rexistro Auxiliar da Zapateira-Elviña Local nº 1 (baixo) da Facultade de Ciencias, campus da Zapateira e Edificio de Usos administrativos, 1º andar, campus de Esteiro, Ferrol ou no rexistro do centro correspondente.

Optativamente, as candidaturas poderanse presentar validamente mediante un PDF asinado electronicamente e remitido ao enderezo comision.electoral@udc.gal

IV) As candidaturas serán individuais para os efectos de presentación, votación e escrutinio.

V) A Comisión Electoral Central ordenará as diferentes candidaturas de conformidade co que dispón o artigo 18.2 do REX (segundo a Resolución do 23/01/2023 pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no DOG núm. 18, do 26/01/2023, a letra que fixará o inicio da orde alfabética será o V).

B) RECLAMACIÓNS AO CENSO PROVISORIO

Unha vez publicado o censo provisorio, calquera titular do dereito de sufraxio poderá solicitar a súa rectificación mediante un escrito razoado dirixido a quen presida a Comisión Electoral Central.

A Secretaría Xeral habilitará no taboleiro electrónico electoral dispoñible na web da UDC a aplicación informática para a redacción e presentación telemática do citado escrito de reclamación.

Lugar de presentación: no Rexistro Electrónico da Universidade da Coruña, nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade (Edificio da Reitoría, A Maestranza), nos rexistros auxiliares (campus da Zapateira e campus de Esteiro, Ferrol) ou no rexistro do centro correspondente.

Optativamente, as solicitudes de rectificación do censo provisorio poderán presentarse validamente mediante un PDF asinado electronicamente e remitido ao enderezo comision.electoral@udc.gal

C) FINANCIAMENTO DO PROCESO ELECTORAL

1. De conformidade co artigo 35 do Regulamento electoral xeral, o financiamento das actividades de campaña electoral das candidaturas definitivas deberá ser transparente e en ningún caso deberá comprometer a autonomía universitaria.

2. Para sufragar a realización da campaña electoral, cada candidatura disporá da cantidade que resulta de dividir 12 000 € entre o número de candidaturas validamente presentadas, cunha cantidade máxima por candidatura de 6 000 €. A xustificación dos

Código Seguro De Verificación	yuZ7AC+17c4ATHcT0slAw==		
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	2/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/yuZ7AC+17c4ATHcT0slAw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





gastos, que deberán ser correntes, realizarase segundo o procedemento fixado pola Xerencia da Universidade.

D) CAMPAÑA ELECTORAL

1. Durante o período de campaña electoral, as candidaturas presentadas poderán utilizar as listaxes institucionais de correos da UDC para enviaren propaganda electoral e peticións de voto á comunidade universitaria. Igualmente, as persoas precandidatas poderán utilizar as ditas listaxes desde o momento da convocatoria electoral para enviar información sobre a súa candidatura.

De conformidade cos criterios que establecer a Comisión Electoral Central, a Secretaría Xeral moderará estes envíos para garantir un uso igualitario e proporcionado deste medio de comunicación, do que lle dará conta á Comisión Electoral Central.

2. Desde a convocatoria de eleccións, habilitarase na web institucional un sitio específico para difundir a información relativa ao proceso electoral. Desde o mesmo momento, os posibles candidatos ou candidatas poderán solicitar un espazo web e enderezos institucionais de correo electrónico para as candidaturas electorais. Esta solicitude deberase realizar a través da Secretaría Xeral.

E) VOTACIÓNS

O proceso de votación realizarase de xeito electrónico ou telemático, de conformidade co previsto no artigo 19 do Regulamento electoral xeral e terá que se axustar ás seguintes regras:

1. A aplicación informática de e-voto garantirá a emisión do voto persoal nas mesmas condicións de segredo e igualdade que o voto en urna.

2. O procedemento de votación electrónica consistirá na emisión de votos dentro do prazo habilitado para este efecto desde un dispositivo conectado a internet ata unha urna dixital remota situada nun recinto protexido e baixo a custodia da Comisión Electoral Central da UDC.

3. A Comisión Electoral Central velará para que a infraestrutura tecnolóxica que lle dá soporte ao sistema electoral cumpra as medidas de seguridade que garantan o correcto funcionamento durante o período en que se exerce o dereito a voto; o segredo e a privacidade do votante; a integridade do voto e un escrutinio dissociado.

4. A autenticación é a acreditación por medios electrónicos da identidade da persoa electora, ben como do contido, integridade e autoría da súa vontade, plasmada no voto.

Código Seguro De Verificación	yuZ7AC+17c4ATHcT0slAw==		
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	3/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/yuZ7AC+17c4ATHcT0slAw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





O sistema de autenticación que dá acceso ao sistema de votación será o Sistema de Federación de Identidade da Universidade da Coruña (usuario+contrasinal corporativo).

5. Os membros da Comisión Electoral Central constituiranse en Mesa Electoral Electrónica para velar polo correcto exercicio do procedemento de voto electrónico. A Secretaría Xeral disporá o persoal técnico e informático necesario para apoiar as súas funcións.

Os membros da Mesa electoral electrónica constituiranse ás 9:00 do día 4 de decembro de 2023 (e, de haber segunda volta, o 13 de decembro de 2023). Á reunión poderán asistir os interventores designados para o efecto polas candidaturas. O persoal informático de apoio da Secretaría Xeral xerará sete tarxetas cifradas para o acceso mancomunado da Mesa Electoral Electrónica á urna dixital, xa que se precisan, como mínimo, catro delas para que o programa sexa operativo.

Unha vez habilitada a urna dixital, o proceso de votación comezará ás 10:00.

6. A votación realizarase por unha soa vez e este será o voto válido emitido. O sistema de e-voto recollerá, na pantalla de votación, o voto ás persoas candidatas e o voto en branco, pero non existirán votos nulos. O programa informático dará a opción de imprimir ou gardar un recibo cun código de verificación, que lle permitirá comprobar á electora ou elector que o seu voto foi validamente emitido e utilizado no escrutinio. O programa incorporará as regras de ponderación de voto previstas no artigo 36 do Regulamento electoral xeral.

7. O período de votación electrónica rematará ás 19:00. A partir dese momento, ningún elector nin electora poderá acceder ao enderezo electrónico que dá acceso á votación e comezará o proceso de escrutinio. A Mesa Electoral Electrónica accederá ao proceso informático de escrutinio mediante as catro tarxetas cifradas correspondentes.

8. Os votos electrónicos serán conservados e custodiados pola Mesa Electoral Electrónica mentres non rematen os correspondentes procedementos de reclamación.

9. A Secretaría Xeral atenderá as dúbidas e incidencias que poidan xurdir, ben por correo electrónico (comision.electoral@udc.gal, para dúbidas de procedemento, e evoto@udc.gal, para as dúbidas informáticas), ou ben telefonicamente (extensións 1007 para as dúbidas informáticas, e 2370 ou 1143 para dúbidas sobre o procedemento electoral).

Código Seguro De Verificación	yuZ7AC+17c4ATHcT0s1Aw==		
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	26/10/2023 12:08:08
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/yuZ7AC+17c4ATHcT0s1Aw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



F) CALENDARIO ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS Á REITORÍA

1. Convocatoria das eleccións (art.13 REX)
 - a. **27 de outubro de 2023 (venres)**
2. Publicación do censo provisional
 - a. **30 de outubro de 2023 (luns)**
3. Prazo de presentación e de resolución de recursos e solicitudes de rectificación de censo provisorio (art. 14 REX)
 - a. Prazos de presentación: **do 31 de outubro (martes) ao 3 de novembro de 2023 (venres) até as 14:00 horas**
 - b. Prazo de resolución: **do 6 de novembro (luns) ao 8 de novembro de 2023 (mércores)**
4. Publicación do censo definitivo (art. 14 REX)
 - a. **9 de novembro de 2023 (xoves)**
5. Presentación de candidaturas (art.15 REX)
 - a. **Do 10 de novembro (venres) ao 15 de novembro de 2023 (mércores) até as 14 horas**
6. Proclamación provisional de candidaturas (art. 16 REX)
 - a. **16 de novembro de 2023 (xoves)**
7. Prazos de presentación e de resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidaturas (art. 16 REX)
 - a. Prazo de presentación: **do 17 de novembro (venres) ao 20 de novembro de 2023 (luns) até as 14 horas**
 - b. Prazo de resolución: **21 de novembro de 2023 (martes)**
8. Proclamación definitiva das candidaturas (art. 16 REX)
 - a. **22 de novembro de 2023 (mércores)**
9. Campaña electoral (art. 17 REX)
 - a. **Do 23 de novembro (xoves) ao 1 de decembro de 2023 (venres)**
10. Data das eleccións: votación

Código Seguro De Verificación	yuZ7AC+17c4ATHcT0s1Aw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	26/10/2023 12:08:08
Observacións		Páxina	5/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/yuZ7AC+17c4ATHcT0s1Aw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





En primeira volta:

- a. **4 de decembro de 2023 (luns)**

En segunda volta:

- b. **13 de decembro de 2023 (mércores)**

11. Proclamación provisoria de candidatura electa (art. 23 REX)

En primeira volta:

- a. **5 de decembro de 2023 (martes)**

En segunda volta:

- b. **14 de decembro de 2023 (xoves)**

12. Prazo de presentación, de resolución de recursos e solicitudes de rectificación á proclamación provisional de candidatura electa (art. 24 REX)

En primeira volta:

- a. Prazo de presentación: **do 7 de decembro (xoves) ao 11 de decembro de 2023 (luns) até as 14 horas**
- b. Prazo de resolución: **do 12 de decembro (martes) ao 14 de decembro de 2023 (xoves)**

En segunda volta:

- c. Prazo de presentación: **do 15 de decembro (venres) ao 18 de decembro de 2023 (luns) até as 14 horas**
- d. Prazo de resolución: **do 19 de decembro (martes) ao 21 de decembro de 2023 (xoves)**

13. Data de proclamación definitiva da candidatura electa:

En primeira volta:

- a. **15 de decembro de 2023 (venres)**

En segunda volta:

- b. **22 de decembro de 2023 (venres)**

Código Seguro De Verificación	yuZ7AC+17c4ATHcT0slAw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	26/10/2023 12:08:08
Observacións		Páxina	6/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/yuZ7AC+17c4ATHcT0slAw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO I

Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario

Disposición transitoria primeira. Aprobación dos Estatutos, constitución de órganos e de cargos unipersoais.

1. As universidades públicas terán un prazo máximo de dous anos, que conta desde a entrada en vigor desta lei orgánica, para aprobar os novos estatutos e constituír o novo claustro e consello de goberno, de acordo cos preceptos desta lei orgánica.
2. Os cargos unipersoais electos que, á entrada en vigor desta lei orgánica, estivesen no seu primeiro mandato de catro anos, poderán finalizar este e concorrer á reelección por un período de seis anos improrrogable e non renovable. No caso daqueles que estivesen no seu segundo mandato de catro anos poderán finalizar este e, conforme á limitación de mandatos que xa lles era de aplicación, non poderán optar a unha nova reelección.
3. Até que se produza a adaptación dos estatutos segundo o que establece o artigo 51.1 e a universidade determine os méritos de investigación, docencia e experiencia de xestión universitaria que deberán reunir os candidatos ou candidatas a reitor ou reitora, esixiráselles como mínimo posuír tres sexenios de investigación, tres quinquenios docentes e catro anos de experiencia de xestión universitaria nalgún cargo unipersoal.

Código Seguro De Verificación	yuZ7AC+17c4ATHcT0s1Aw==		
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	26/10/2023 12:08:08
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/yuZ7AC+17c4ATHcT0s1Aw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO II

Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26 de maio) e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro, (DOG do 17 de outubro)

Artigo 22.

Son órganos da Universidade da Coruña os que a seguir se relacionan:

- a) Colexiados: Consello Social, Consello de Goberno, Claustro universitario, xuntas de facultade, de escola, consellos de departamento e institutos universitarios.
- b) Unipersoais: **reitor ou reitora, vicerreitores ou vicerreitoras, secretario ou secretaria xeral, xerente, decanos ou decanas, vicedecanos ou vicedecanas e secretarios ou secretarias de facultades, directores ou directoras, subdirectores ou subdirectoras e secretarios ou secretarias de escolas, directores ou directoras e secretarios ou secretarias de departamentos; directores ou directoras de institutos universitarios de investigación.**
- c) Aqueloutros que se configuren como tales de conformidade co disposto nos Estatutos.

Código Seguro De Verificación	yuZ7AC+17c4ATHcT0slAw==		
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	26/10/2023 12:08:08
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/yuZ7AC+17c4ATHcT0slAw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO III

Acordo do Consello de Goberno da UDC, do 22 de xuño de 2010, polo que se asimilan determinados cargos de xestión aos cargos académicos establecidos nos Estatutos da Universidade, para os efectos do que dispón o Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios

O Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios (BOE do 6 de outubro), establece na súa disposición adicional primeira que no procedemento de acreditación para profesores titulares de universidade, do profesorado que pertenza ao corpo de titulares de escolas universitarias que posúan o título de doutor, valorarase a investigación, a xestión e, particularmente, a docencia.

No apartado 4 do anexo do citado Real decreto establécense os criterios de avaliación referidos á experiencia en xestión e administración educativa, científica, tecnolóxica e outros méritos:

No apartado 4.A., referido á experiencia en xestión, figura o “desempeño de cargos unipersoais de responsabilidade en xestión universitaria recollidos nos estatutos das universidades, ou que sexan asimilados, ou organismos públicos de investigación durante polo menos un ano”.

O apartado 4.B. recolle o desempeño de postos no ámbito educativo, científico ou tecnolóxico dentro da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas durante polo menos un ano.

Para a acreditación dos profesores ou profesoras titulares de escola universitaria, que posúan o título de doutor, ao corpo de profesores titulares de universidade, e para os únicos efectos do que establece o Real decreto 1312/2007, o Consello de Goberno acorda assimilar os seguintes cargos académicos recollidos nos Estatutos aos cargos de xestión que se relacionan no anexo* e que teñen responsabilidades na coordinación e execución da política universitaria.

O recoñecemento desta asimilación producirase cando os ditos cargos fosen exercidos con posterioridade á entrada en vigor dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 253/1992, do 10 de setembro (DOG 17 de setembro).

Código Seguro De Verificación	yuZ7AC+17c4ATHcT0s1Aw==		
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	9/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/yuZ7AC+17c4ATHcT0s1Aw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO*

Cargos unipersoais estatutarios	Cargos de xestión que se asimilan
Vicerreitor e secretario Xeral de Universidade	REPRESENTANTE DE UDC NA CIUG VALEDOR UNIVERSITARIO
Decano e director de facultade, E.T.S., escola universitaria	ADXUNTO Á SECRETARÍA XERAL ADXUNTO Á VICERRECTORÍA ADXUNTO AO REITOR ASESOR DO REITOR DIRECTOR DE ÁREA PRESIDENTE DA COMISIÓN DE DOUTORAMENTO PRESIDENTE DA COMISIÓN DE GARANTÍAS PRESIDENTE DA COMISIÓN ELECTORAL
Vicedecano, subdirector e secretario de facultade, E.T.S., escola universitaria	SECRETARIO DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN SECRETARIO DA COMISIÓN DE DOUTORAMENTO SECRETARIO DA COMISIÓN DE GARANTÍAS
Director de departamento universitario	COORDINADOR DE MÁSTER COORDENADOR DO CITEEC COORDENADOR DO CITIC COORDENADOR DO CIT COORDINADOR SOPORTE DOCENCIA DIR. PARA A POSTA EN MARCHA DO FORMULARIO INST.FORM. PERMAT. DO PROFES DIRECTOR CENTRO DE LINGUAS DIRECTOR DA AFI DIRECTOR DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DIRECTOR DA CÁTEDRA EMPRESA FAMILIAR DIRECTOR DA CÁTEDRA JORGE JUAN DIRECTOR DA OTRI DIRECTOR DA UNIDADE TÉCNICA DE AVALIACIÓN DIRECTOR DA UNIDADE TÉCNICA DE CALIDADE DIRECTOR DE MASTER PROPIO DIRECTOR DE MÁSTER DIRECTOR DE OFICINA (RELACIÓNS INTERNACIONAIS, MEDIOAMBIENTE, COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO, IGUALDADE) DIRECTOR DE PROGRAMA DIRECTOR DE SERVIZO (NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, PUBLICACIÓNS, APOIO Á INVESTIGACIÓN) DIRECTOR DO CENTRO VIRTUAL DE EXCELENCIA DIRECTOR DO CLUBE UNIVERSITARIO DIRECTOR DO CUFIE DIRECTOR DO CURSO DE ESP. EN AUDICIÓ E LINGUAXE PARA MESTRES DIRECTOR DO CURSO DE ESP. EN EDUC. MUSICAL PARA MESTRES DIRECTOR DO OBSERVATORIO DE INSERCIÓN LABORAL DIRECTOR DO OBSERVATORIO OCUPACIONAL DIRECTOR DO SAPE DIRECTOR DO SXAIN DIRECTOR UNIVERSIDADE SENIOR DIRECTOR/A DO PLANO DE ACCIÓN TITORIAL DIRECTOR-ADXUNTO DA UNIDADE TÉCNICA DE CALIDADE PRESIDENTE/A COMISIÓN INTERNA DA UNIVERSIDADE (CIU) PRESIDENTE DA COMISIÓN DE ÉTICA E ENSAIOS CLÍNICOS PRESIDENTE/A COMITÉ DE AVALIACIÓN DOCENTE PROFESOR RESPONSABLE DE TITULACIÓN REPRESENTANTE DA UDC NO PADROADO EXPONAV DIRECTOR DA ÁREA DE DEPORTES PROXECCIÓN INTERNACIONAL PRESIDENTE DO COMITÉ DE EMPRESA PRESIDENTE DA XUNTA DO PDI
Secretario de departamento	COORDINADOR (CENTRO DE LINGUAS, SAPE DE FERROL, PAT DE CENTRO, COORDINADOR DE CURSO, DE PROGRAMA DE DOUTORAMENTO, INTERCAMBIO DE ESTUDANTES, PRÁCTICAS EXTERNAS DELEGADO DE SERVIZO/UNIDADE MEMBRO COMISIÓN DE ESTUDOS DE POSGRAO MEMBRO DE GARANTÍA DE CALIDADE DA UNIVERSIDADE MEMBRO DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN INFORMÁTICA MEMBRO DA COMISIÓN DE ESTUDOS PROPIOS DE POSGRAO MEMBRO DA COMISIÓN DE ÉTICA E ENSAIOS CLÍNICOS MEMBRO DA COMISIÓN INCORPORACIÓN DE EST. AO SUG MEMBRO DA COMISIÓN TECN. DO CONSORCIO CONSTITUÍDO POLA USC E MEMBRO DA OFICINA IGUALDADE DE XÉNERO MEMBRO DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR MEMBRO DO CLAUSTRO UNIVERSITARIO MEMBRO DO COMITÉ DE EMPRESA DO PDI LABORAL RESPONSABLE DE CALIDADE E CONVERXENCIA SECRETARIO CENTRO DE LINGUAS SECRETARIO/A COMITÉ DE AVALIACIÓN DOCENTE SUBCOORDINADOR/A SUBDIRECTOR UNIVERSIDADE SENIOR (FERROL) VOGAL NA COMISIÓN TÉCNICA DE ETNOGRAFÍA VOGAL COMISIÓN DE DOUTORAMENTO VOGAL COMISIÓN INTERNA DA UNIVERSIDADE (CIU). PROGRAMA DOCENCIA VOGAL COMITÉ DE AVALIACIÓN DOCENTE VOGAL SUPLENTE COMISIÓN DE DOUTORAMENTO XEFE DA ÁREA DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA NO CEIDA ASESOR ÁREA URBANISMO MEMBRO DA COMISIÓN DE ELABORACIÓN DO PLANO DE ESTUDOS DO CENTRO RESPONSABLE DA CLÍNICA PODOLÓXICA COORDINADOR DO CAP PRESIDENTE DA COMISIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DOS CENTROS DIRECTOR DE TÍTULO PROPIO, DE EXPERTO, OU ESPECIALISTA

Código Seguro De Verificación	yuZ7AC+17c4ATHcT0slAw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	26/10/2023 12:08:08
Observacións		Páxina	10/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/yuZ7AC+17c4ATHcT0slAw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

